

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2021/10	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de marzo de 2021
Duración	Dende as 13:00 ata as 13:15 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Mónica González Conde, en virtude do disposto no artigo 47.2, parágrafo segundo do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
Secretaria	Maria Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
Excusas de asistencia presentadas:		
52481441H	Manuel Cuiña Fernández	NO

Unha vez que a concelleira Dona Mónica González Conde da conta aos membros da Corporación de que por causa imprevista xurdida ao Sr. Alcalde que lle impediu delegar expresamente as súas funcións, asume a presidencia desta Xunta de Goberno Local, e tras verificar pola Secretaria a válida constitución do órgano, procédese a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Concello de Silleda

Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Aprobación da acta da sesión anterior: 11.03.2021**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 11 de marzo de 2021.

Expediente 1196/2020. Contratacións: Mellora de camiño en Negreiros-O Castro - Silleda (Plan Marco 2020-2021)**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**Aprobación do PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE da obra “Mellora de camiño municipal en Negreiros-O Castro (Silleda)”.**

Concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dentro do PLAN DE MELLORAS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2020-2021 unha subvención para a execución do proxecto: “Mellora de camiño municipal en Negreiros-O Castro (Silleda)” por importe de 52.317,22 euros.

Visto o proxecto elaborado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Ramón Gómez Fraiz, denominado “Mellora de camiño municipal en Negreiros-O Castro (Silleda)” por importe total de 65.293,00 euros (53.961,16 euros máis 11.331,84 euros de IVE). Aprobado por Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/08/2020. Así como a acta de replanteo previo de data 03/09/2020.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión celebrada en data 16/12/2020, adxudicouse a FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L., con CIF B15009533 o contrato de obras denominado “Mellora de camiño municipal en Negreiros-O Castro (Silleda)” por importe de 33.390,91 euros máis 7.012,09 euros de IVE, ao sela empresa que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, co constan nos antecedentes desta Resolución.

Comprometéndose a executar as melloras recollidas no prego de cláusulas administrativas, relativas:

MELLORA 1) SEÑALIZACIÓN HORIZONTAL

Linea de borde de calzada continua, salvo en cruces de camiños e entradas que se executan discontinua, por ambos marxes da vía, de 0,10 m de espesor e dende o PK 0+000 ao PK 0+692.

2 Ud's de detención obrigatoria o STOP, incluída a linea de detención (M-4.1) de 0,40 m de espesor marcados sobre a calzada e ubicacion a indicar pola D.F.

MELLORA 2) SEÑALIZACIÓN VERTICAL

Subministro e colocación, a indicar pola D.F., de 1 Ud da sinal de detención obrigatoria (R-2).

Visto que por Decreto nº 30, de data 14 de xaneiro, adxudicouse a dirección de obra e a coordinación materia de seguridade e saúde da obra MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN NEGREIROS



CASTRO, SILLEDA, a D. Román Gómez Fraiz.

Visto o plan de seguridade e saúde presentado no Rexistro do concello e informado favorablemente polo director de obra e coordinador de seguridade e saúde en data 25/01/2021. Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/02/2021.

Visto o ANEXO I PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE: SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL. Informado favorablemente polo director de obra e coordinador de seguridade e saúde en data 12/03/2021.

Polo exposto, a esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos membros presentes adoptou o presente acordo:

Primeiro. Aprobar o ANEXO I PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE: SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL da obra "Mellora de camiño municipal en Negreiros-O Castro (Silleda)", co informe favorable do coordinador de seguridade e saúde.

Segundo.-Notificar esta Resolución á empresa adxudicataria, recordándolle a obrigatoriedade de poñer na obra o plan a disposición das persoas interesadas mencionadas no artigo 7.4 do RD 1627/1997. Así como ao Director da Obra.

Expediente 1477/2020. Contratacións: PROXECTO DE AMPLIACIÓN REDE DE CALOR. SUBVENCION IDAE

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Expte. - 1302/2020. Aprobación "PROYECTO RED DE CALOR "DISTRICT HEATING" CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA). FASE II".

Visto o proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial, Ricardo González Santos, en xaneiro de 2020 denominado: "PROYECTO RED DE CALOR "DISTRICT HEATING" CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA). FASE II", por importe de 48.340,52 euros máis 31. 151,51 euros de IVE.

Visto que esta actuación está subvencionada polo Instituto para a Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), por medio de Resolución pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda o Concello Silleda, formulada no contexto do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezcan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE nº 144 de data 17 de xuño de 2017) modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (BOE nº 314, de 29 de decembro de 2018) e o Real Decreto 316/2019, de 26 de abril (BOE nº 130 de data 26 de abril de 2019), expediente número FEDER-EELL-2019-003527. proxecto "Red de Calor District Heating con Biomasa en Silleda (Pontevedra Fase II", cunha inversión total de 195.706,65 €, e un importe de concesión de axuda por importe máximo de 156.565,32 €.

Vista a necesidade de iniciar o procedemento de contratación desta obra descrita no proxecto de execución.



Constando no expediente informe de secretaría nº 021 de 16 de outubro, e informe de Intervención de data 22/10/2020, sobre a inclusión da presente obra no proxecto de presuposto para o ano 2021.

Visto o prego de cláusulas administrativas asinado polo Sr. Alcalde-Presidente en data 17/11/2020.

Visto o informe nº 032/2020, de 17 de novembro, de fiscalización do expediente de contratación e dos pregos de cláusulas administrativas da Secretaría da Corporación da mesma data.

Visto o informe de fiscalización da Intervención da Corporación ao procedemento de contratación de data 17/11/2020.

Aprobado o expediente de contratación por procedemento aberto e acordada a apertura da licitación por acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de novembro de 2020.

Presentan ofertas no prazo habilitado ao efecto as seguintes empresas:

- VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU con NIF A-15.208.408.
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., con NIF B-36.052.876.
- UTE constituída por CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. con C.I.F. Nº B-32184558, y COVIASSTEC, S.L. con C.I.F. Nº B-32.240.210.

Admitidas todas as ofertas presentadas pola Mesa de Contratación en sesión de data 14/01/2021, procédese á entrega das ofertas técnicas ao técnico municipal, para a súa valoración.

En sesión da Mesa de Contratación de data 11/02/2021 dáse conta do informe emitido polo técnico municipal, que é aceptado por tódolos seus membros, sendo este o resultado:

- *VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U*

1. *Análise do proxecto e da execución das obras:*

- a) *Proceso de montaxe e soldadura de tubaxes preilladas de aceiro. Ata 5 puntos. 3,75*
- b) *Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares. Debendo quedar acreditado mediante compromisos asinados polas empresas subministradoras, nos que se cite o nome desta obra. Ata 4 puntos. 4,50*
- c) *Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas. Ata 4 puntos. 3,50*
- d) *Descrición técnica adecuada dos traballos para realizar. Ata 4 puntos. 3,75*
- e) *Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada. Ata 3 puntos. 1,50*



f) *Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra. Ata 4 puntos. 1,50*

2. Actuación medioambiental:

a) *Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables. Ata 4 puntos. 1,25*

b) *Organización física da obra. Ata 4 puntos. 2,00*

c) *A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra. Ata 5 puntos. 2,00*

d) *Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos. Ata 3 puntos. 1,25*

e) *Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar. Ata 2 puntos. 1,50*

f) *Descrición adecuada dos vertederos e centros de xestión de residuos. Ata 2 puntos. 1,00*

TOTAL 27,50

· CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

1. Análise do proxecto e da execución das obras:

a) *Proceso de montaxe e soldadura de tubaxes preilladas de aceiro. Ata 5 puntos. 3,00*

b) *Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares. Debendo quedar acreditado mediante compromisos asinados polas empresas subministradoras, nos que se cite o nome desta obra. Ata 2 puntos. 2,00*

c) *Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas. Ata 4 puntos. 1,00*

d) *Descrición técnica adecuada dos traballos para realizar. Ata 4 puntos. 2,75*

e) *Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada. Ata 3 puntos. 1,00*

f) *Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra. Ata 4 puntos. 3,00*

2. Actuación medioambiental:

a) *Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables. Ata 4 puntos. 3,25*



- b) Organización física da obra. Ata 4 puntos. 1,00
- c) A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra. Ata 5 puntos. 2,00
- d) Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos. Ata 3 puntos. 1,50
- e) Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar. Ata 2 puntos. 1,00
- f) Descrición adecuada dos vertedeiros e centros de xestión de residuos. Ata 2 puntos. 2,00

TOTAL 23,50

UTE: COVIASSTEC, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

1. Análise do proxecto e da execución das obras:

- a) Proceso de montaxe e soldadura de tubaxes preilladas de aceiro. Ata 5 puntos. 3,25
- b) Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares. Debendo quedar acreditado mediante compromisos asinados polas empresas subministradoras, nos que se cite o nome desta obra. Ata 5 puntos. 3,50
- c) Análise correcta de posibles afección ao territorio, servizos preexistentes ou persoas. Ata 4 puntos. 3,25
- d) Descrición técnica adecuada dos traballos para realizar. Ata 4 puntos 3,25
- e) Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada. Ata 3 puntos. 2,25
- f) Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra. Ata 4 puntos. 2,00

2. Actuación medioambiental:

- a) Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables. Ata 4 puntos. 2,25
- b) Organización física da obra. Ata 4 puntos. 3,25
- c) A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra. Ata 5 puntos. 3,50
- d) Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos. Ata 3 puntos. 2,50
- e) Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar. Ata 2 puntos 1,75
- f) Descrición adecuada dos vertedeiros e centros de xestión de residuos. Ata 2 puntos. 1,50



TOTAL 32,25

CONCLUSIÓN

Á vista do anterior, a valoración final e a orde das proposicións queda da seguinte maneira:

1º UTE: COVIASSTEC, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.- 32,25

2º VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.- 27,50

3º CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.- 23,50

Pola Mesa de Contratación en sesión de data 18/02/2021 procédese á valoración da proposición económica contida no sobre C así como a documentación cuantificable de forma automática co seguinte resultado:

1.- Proposición económica (I.V.E. excluído)

- **UTE: COVIASSTEC, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.**

Proposición económica. - 136.999,47.- €.- 13,38 Ptos.

- **VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U**

Proposición económica. - 124.889,31.- €.- 27,67 Ptos.

- **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**

Proposición económica. - 132.171,40.- €.- 19,08 Ptos.

2.-Outros criterios/melloras cuantificables de forma automática.

- UTE: COVIASSTEC, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.- 20,0 puntos

- VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.- 20,0 puntos

- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.- 20,0 puntos

Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

EMPRESA	Valoración Sobre B	Valoración Sobre C		TOTAL
		Prezo ofertado	Melloras	
UTE: COVIASSTEC, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	32,25	13,38	20,0	65,63



VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U	27,50	27,67	20,0	75,17
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.	23,50	19,08	20,0	62,58

Polo tanto, vistas as puntuacións correspondentes, a Mesa, propón ó órgano de contratación a adxudicación a **VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U**, por ser a mellor oferta en relación calidade prezo, a obra **“PROYECTO RED DE CALOR “DISTRICT HEATING” CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA). FASE II”** e procede a facerlle o requirimento previo de conformidade co disposto no artigo 150 da LCSP

Presentada a documentación requirida a Mesa de Contratación en data 12 marzo presta a súa conformidade á mesma.

Visto o informe de fiscalización emitido polo Interventor Municipal, en data 15/03/2021.

Polo exposto, a esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unamindade dos membros presentes adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Adxudicar a **VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U**, con CIF A-15.208.408 o contrato de obras denominado **“PROYECTO RED DE CALOR “DISTRICT HEATING” CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA). FASE II”** por importe de **124.889,31 Euros**, ao que corresponde por IVE a contía de **26.226,75 Euros**, ao sela empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa, como constan nos antecedentes desta Resolución.

Comprometéndose a executar as melloras recollidas no prego de cláusulas administrativas, relativas:

Mellora 1) Medioambiental.

Mellora 2) Eficiencia enerxética subestacións.

Mellora 3) Válvula corte entrada subestación.

Segundo.- Dispor o gasto por importe de **151.116,06 Euros** con cargo á aplicación 172-627 o Orzame municipal para o exercicio de 2021.

Terceiro.- Notificar a **VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U** adxudicataria do contrato, a prese Resolución, indicándolle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días. / mesmo, a presente resolución notificarase a tódolos interesados.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda e Plataforma de Contratación do Sector Público.

Quinto.- O prazo máximo de execución desta obra **é de 2 meses** segundo o establecido no punto 7 Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares, a contar dende o día da firma da acta comprobación do replánteo, non sendo susceptible de prórroga, sempre que estea aprobado o plan seguridade e saúde, e se a Administración autoriza o inicio da obra.



A firma da acta de comprobación do replánteo non poderá ser superior a un mes dende a data da formalización deste contrato.

Sexto.- En aplicación do estudo básico de seguridade e saúde, que forma parte do proxecto, o contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra.

Ao tratarse dunha obra contratada polo Concello, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra (neste caso ao non ser necesaria a designación do coordinador, as funcións que se lle atribúen a este serán asumidas pola dirección da obra), elevarase para a súa aprobación ao órgano de contratación.

En todo caso, respecto do plan de seguridade e saúde nas obras de construción estarase ao disposto sobre este no RD. 1627/1997, do 24 de outubro.

Sétimo.- A comunicación da apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente deberá ser previa ao comezo dos traballos e presentarse unicamente polo contratista.

A comunicación de apertura incluírá o plan de seguridade e saúde ao que se refire o artigo 7 do RD 1627/1997.

Oitavo.- O contratista terá a obrigaón de instalar e manter, tanto durante a operación como ao final da mesma un cartel perfectamente visible e lexible no que conste claramente o título do precepto, a imaxe oficial do programa e da Unión Europea, o lema "Una manera de hacer Europa", así como o apoio financeiro obtido, todo seguindo as especificacións que ao respecto se establezan polo Concello, de conformidade co establecido na web do IDAE.

O deseño gráfico do cartel e soportes de difusión que se realicen cumprirán cos requisitos e modelos establecidos polo IDAE, de acordo ás pautas establecidas nos manuais de imaxe das liñas de aforro e eficiencia enerxética dispoñibles na web do IDAE (www.idae.es)

Noveno.- Nomear Director da Obra e Coordinador en materia de Seguridade e Saúde, a Román Gómez Fraíz.

Décimo.- Requirir ao contratista a presentación do plan de seguridade e saúde da obra.

Expediente 153/2020. Subvenciones Directas o Nominativas

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 153/2020

Toma a palabra a Presidenta, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día de



presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 04 de marzo de 2021.

Expediente 153/2020. Subvenciones Directas o Nominativas

Visto, que con data 5 de novembro de 2020, o Sr. Adrián Villar Calviño, con nº de DNI.:45908507R, con domicilio a efectos de notificación r/lryda, 52 36570 Bandeira, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020.

Visto que, achega a documentación solicitada polas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego

Visto que, de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases a persoa solicitante obtén a seguintes puntuación:

Iván Villar Calviño, alta en autónomos 20 puntos e apertura de local 10 puntos

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos membros presentes, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Conceder ao Sr. Adrián Villar Calviño, por alta en autónomos e apertura de local, a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 900€.

Segundo.- Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. Os gastos subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de xaneiro de 2020 ata 31 de decembro de 2020.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á persoa interesada.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

Concello de Silleda



C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

